

Texto: **XULIO GUTIÉRREZ**

Ilustracións: **NICOLÁS FERNÁNDEZ**

Encadernado en cartón. 36 páxinas en color.

Colección Animais Extraordinarios. 24x34 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Construtores". ISBN 978-84-96957-79-4

-Castelán: "Constructores". ISBN 978-84-96957-78-7

-Portugués: "Construtores". ISBN 978-989-8205-43-8

Prezo: 17 €

CONSTRUTORES

Animais extraordinarios

- **PREMIO ÁNCEL CASAL MELLOR LIBRO DE NON-FICCIÓN 2010** (Asociación Galega de Editores)
- **"LOS + 2010"** (Fundación Germán Sánchez Ruipérez)

...Hai aves que constrúen niños sorprendentes pola súa intrincada arquitectura, mamíferos que escavan complexas vivendas subterráneas, insectos minúsculos que erguen edificios enormes e arañas que tecen elaboradas estruturas de caza. Todos son expertos construtores que sobreviven grazas á súa habilidade...

Un libro instrutivo, ameno, ben estruturado e de gran atractivo visual, que comeza situando o lector ante os diversos grupos de reino animal, con exemplos de cada un. Por terra, mar e aire, de norte a sur, por todos os continentes, selecciona unha serie de animais e ofrece un volume de información ben dosificada sobre as súas características, localización e costumes, centrándose na súa forma de acomodarse no habitat, isto é, de construír o seu fogar.

Unha invitación aos lectores para que entren nas casas de certos animais, ás que os humanos raramente temos acceso, nen físico nen intelectual. Esta visita científica e visual polos niños, tobos e goridas máis espectaculares, permitíranos coñecer aspectos da súa que nos deberían mover emocionalmente para comprendelos, respectalos e protexelos. Esta obra, recomendada non só para o eido escolar, senón para todos os lectores interesados no medio ambiente, abríralles as portas ao fascinante mundo dos animais.


"Bocas" e "Nacer" son os outros títulos da serie Animais Extraordinarios.

XULIO GUTIÉRREZ

É profesor do IES de Pobra do Caramiñal (A Coruña). Pertence á Sociedade Galega de Educación Ambiental, creada en 2001 para aglutinar o traballo de profesionais de diversos sectores comprometidos coa educación ambiental.

NICOLÁS FERNÁNDEZ

Ilustrador de natureza autodidacta afincado na Coruña. A maior parte dos seus traballos son acuarelas e bosqueños de fauna e flora, especialmente aves. Publicou dous libros como autor: "Guía de campo de la Comunidad Valenciana" e "Espacios Naturales de la Comunidad Valenciana". Tamén traballou como ilustrador para distintas publicacións, enciclopedias, organismos oficiais, libros, xornais e revistas. A súa obra expúxose en salas de toda España. Compaxina o seu traballo como ilustrador co deseño gráfico e multimedia, actualmente nunha empresa de xestión ambiental.



- **Temática:** libro de animais e natureza
- **Idade recomendada:** dende 7 anos
- **Aspectos destacables:** dos autores de "Bocas" e "Nacer"; ilustracións artísticas de gran realismo; textos asequibles para todas as idades; descrición de cada animal, información da súa vida, hábitat e estado de conservación; inclúe anexo final con fichas de cada un e glosario
- **Especies:** castor, can das praderías, ave martelo, republicano, peto real, espiñento, avésa de cara branca, térmita construtor, cangrexo ermitán común, araña de auga, miñoca abano, coral

